



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 26 de xaneiro de 2023(1361/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a M^a José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e xeis de xaneiro de dous mil vinte e tres e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á reunión en modo virtual.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(27).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria de data 12 de xaneiro de 2023. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(28).-PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 10040/113.

Visto o informe xurídico do 13/01/2023 e o informe de fiscalización do 20/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 12/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Admón. Electrónica, a concelleira-delegada Xestión Municipal e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Legislación aplicable

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- RD Lex. 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas de modernización do goberno local.
- RD Lex. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia.

Antecedentes

O Contrato do servizo de mantemento dos servidores centrais do CPD do Concello de Vigo (expte. 9070/113), adxudicouse por Acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de febreiro de 2021, á empresa ECONOCOM SERVICIOS, S.A. por un prezo de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

O contrato formalizouse en data 30/03/2021, entrou en vigor o 01/04/2021 rematando o 31/03/2022.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 24/02/2022 e rectificación de erros de data 17/03/2022, autorízase a primeira prórroga do contrato polo período dun ano, do 01/04/2022 ao 31/03/2023, por importe de 30.000,00 euros anuais (sendo o importe correspondente ao IVE de 5.206,61 euros anuais).

Fundamentos

1. O artigo 29 da LCSP dispón, no seu apartado 2º, que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, e que a prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos dous meses antes do prazo de duración do contrato, salvo que no prego do contrato se estableza un maior.
No apartado 4 do mesmo artigo, establécese que os contratos de servizos de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as prórrogas, salvo que se trate dalgunha das excepcións recollidas nese apartado.
2. Neste contrato resulta que:
 - Na cláusula 7 "Prazo", do PCAP, figura que *"Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato"*.
 - No apartado 4.C das FEC indícase: *"Prórroga do contrato e en caso afirmativo, duración: si, catro prórrogas dun ano de duración cada unha"*.
 - O contratista, manifestou por escrito o día 03/01/2023 o seu interese en proceder coa prórroga, mediante o documento co nº de rexistro 230001953.
 - Prorrógase segundo os conceptos e importes dos exercicios 2021 a 2022.
 - No apartado 11 das FEC, sobre o réxime de pagamento, indícase que:
"Dado que o tipo de contrato e de mantemento de equipamento segundo ás necesidades as cantidades a aboar en función do parque de equipos a cubrir



Concello de Vigo

faranse efectivas de xeito mensual, segundo ós equipos cubertos, podendo agruparse as facturas trimestralmente”.

3. Prezo da prórroga:
O prezo total da prórroga ascende a 30.000,00 euros, dos cales 5.206,61 € corresponden ao IVE.
4. Financiamento:
A prórroga financiarase con cargo á aplicación orzamentaria: 9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento).
5. A empresa *ECONOCOM SERVICIOS, S.A.*, no transcurso do período contractual desenvolveu os traballos de acordo cos criterios marcados no prego de condicións técnicas e tamén coa súa oferta polo que se considera que o servizo se prestou de xeito satisfactorio.
Precísase tramitar esta prórroga debido á necesidade de continuar co servizo mantemento dos servidores centrais do Centro de Proceso de Datos (CPD) do Concello de Vigo.
A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, posto que é continuación dun servizo que se ven desenvolvendo con anterioridade e polo tanto encádrase na Lei 5/2014, do 27 de maio de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3: "En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias: a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos."
6. O expediente de prórroga do contrato iníciase polo órgano de contratación, estando delegada no Concello de Vigo polo acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de novembro do 2020 polo que se aproba o texto consolidado de delegación de competencias nos concelleiros delegados da Área. A tal fin, consta no expediente resolución da concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, de data 3 de xaneiro de 2023, autorizando o inicio de este expediente da primeira prórroga do contrato.
7. Deberá incorporarse ao expediente de prórroga o certificado de existencia de crédito e a fiscalización previa da Intervención Xeral nos termos previstos na Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Orzamentaria.
8. A competencia para a resolución do presente expediente e aprobación do gasto correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación de conformidade ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público.

Á vista do exposto, ante a necesidade de continuar coas prestacións ás que se refire o presente expediente de contratación, en beneficio e defensa dos intereses municipais, previos informes xurídico e da Intervención Xeral, coas conformidades da concelleira-delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal mailo concelleiro-delegado da Área de Facenda e Orzamentos, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

- 1.- Acordar a PRÓRROGA DO SERVIZO DE MANTEMENTO DOS SERVIDORES CENTRAIS DO CPD DO CONCELLO DE VIGO (EXPT 9070-113) polo período dun

ano, do 1 de abril de 2023 ao 31 de marzo de 2024, polo importe total de 30.000,00 € IVE engadido.

- 2.- Autorizar o gasto de **30.000,00 euros** (IVE incluído) que representa a prórroga, con cargo á seguinte aplicación orzamentaria e exercicio:

<i>Partida</i>	<i>Exercicio</i>	<i>IV E</i>	<i>Base</i>	<i>Importe total</i>
9207.2279900 (Mantemento Hardware e Sist. Almacenamento)	2023	5.206,61 €	24.793,39 €	30.000,00 €
Total exercicio 2023				30.000,00 €

- 3.- Notificar este acordo ao contratista, con indicación de que contra el caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(29).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDIMENTOS. EXPTE. 15390/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 19/10/2023, asinado pola letrada-titular de Asesoría Xurídica e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

A) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE CONTENCIOSA-ADMINISTRATIVA

- 1.- Contencioso. Expediente nº 14643/111



Concello de Vigo

Sentenza nº 919 do 30 de novembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 368/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: XGL 10-6-2021. Desestimación de reclamación sobre “excesos de xornada” e outros. “Complementos de nouturnidade e festividade” durante ILT, vacacións, permisos ... durante os 5 anos anteriores

Expte(s): 35363/220, 38266/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme (pendente de casación), resolve o recurso de apelación do demandante contra a sentenza de instancia, estimándoo.

O departamento de Persoal e o de Nóminas-Tesourería deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

PA 282/2021 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 80 do 15/03/2022, estimatoria parcial (só en relación co cálculo do valor da hora normal para efectos das gratificacións por servizos extraordinarios correspondentes aos 4 anos anteriores (con xuros legais), comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022.

2.- Contencioso. Expediente nº 14628/111

Sentenza nº 901 do 30 de novembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 342/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación de reclamación retributiva por “complementos” de nouturnidade e festividade (durante ILT, vacacións, permisos...)

Expte(s): 35363/220, 38149/220 e 38266/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme (pendente de casación), resolve o recurso de apelación do demandante contra a sentenza de instancia, estimándoo.

O departamento de Persoal e o de Nóminas-Tesourería deben coñecer o resolto.

Procedemento de orixe:

PA 297/2021 XC-A nº 1 Vigo, Sentenza nº 72 do 15/03/2022, estimatoria parcial (só en relación co cálculo do valor da hora normal para efectos das gratificacións por servizos extraordinarios correspondentes aos 4 anos anteriores (con xuros legais), comunicada na sesión da XGL do 21/04/2022.

3.- Contencioso. Expediente nº 14819/111

Sentenza nº 290 do 1 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 182/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do 20-4-2022. Desestimación de permiso especial.

Expte(s): 39306/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, firme, estima o recurso, anula o acto municipal denegatorio e condena ao Concello ao recoñecemento dos dereitos económicos equivalentes a un permiso (retribuído) de 30 días (non disfrutado) con base no art. 116 da LEPG e na inadecuación da motivación denegatoria en vía administrativa (ao tempo que apunta outros posibles motivos denegatorios só esgrimidos no acto da vista).

Ao se tratar de sentenza ao pagamento de cantidade determinada (retribución de 30 días a partir do 7-2-2022), a Tesourería-Nóminas e o departamento de Persoal deben executar o resolto en tempo e forma.

4.- Contencioso. Expediente nº 14899/111
Sentenza nº 310 do 25 de novembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 197/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta (e expresa serodia do 3-10-2022: E.P.). RPA, caída na vía pública o 3-7-2020
Expte(s): 6297/243
Contía: 1.477,26 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente a demanda, fixando a indemnización en 708,67 € máis xuros legais dende a data da reclamación (28-10-2020), ratificando a imputación á concesionaria do servizo. O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto.

5.- Contencioso. Expediente nº 14577/111
Sentenza nº 454 do 9 de decembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3
Recurso de apelación: 7065/2022
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolucións do 13-2-2020, e 1-6-2020, desestimación presunta (e expresa serodia do 10-6-2020) da solicitude do 18-11-2019 penalidade na execución do contrato de obras, cubrición do patio do colexio
Expte(s): 283/441, 4817/440, 4529/443
Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só cabe recurso de casación, desestima o recurso de apelación que interpuxo a sociedade contratista contra a sentenza de instancia.

A sentenza ditada nesta apelación non engade ningún elemento valorativo sobre a proba practicada na instancia, que ratifica por completo. O debate tratou sobre a actuación administrativa na imposición de penalidades e o dereito a percibir cantidades superiores ás abonadas (con base nas certificacións) á contratista que executou as obras de "cubrición do Colexio Rocio", polas incidencias e adiamentos que sufriu a obra contratada.

Se considera que a proba foi exhaustiva e que existen aspectos cos que a contratista estivo conforme, sen advertir á Administración de vicios no proxecto, nin solicitar a modificación do contrato, nin redactar informes que acreditasen a imposibilidade de executar o contrato, resultando esta contratista excesivamente dependente de terceiros subministradores.

Polo tanto, adquire firmeza a sentenza pola que se estima parcialmente a demanda na instancia e reconece o dereito ao abono da cantidade determinada na sentenza ditada polo XCA 2 de Vigo, en execución provisoria na data na que se recibe a notificación desta sentenza de apelación.

A Área de Fomento debe coñecer do resolto e proceder á execución da sentenza.

Procedemento de orixe:

PO 110/2020 XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 8 do 13/01/2022, estimatoria parcial, comunicada na sesión da XGL do 07/04/2022

6.- Contencioso. Expediente nº 15118/111
Decreto nº 35 do 2 de decembro de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 162/2022
Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares



Concello de Vigo

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, do 24/03/2022, que ordena a provisión temporal en réxime de comisión de servizos, do posto de traballo vacante de xefe/a departamento administrativo de Alcaldía.

Expte(s): 39576/220

Esta resolución implica o remate e arquivo do procedemento por desistimento da parte actora (sindicato CCOO).

Se presentara pola súa parte por duplicado demanda contra o mesmo asunto; resolución que resolveu o procedemento para a provisión mediante comisión de servizos dun posto adscrito á Alcaldía.

O procedemento relacionado co presente, tramitado perante o XCA 1 de Vigo atópase pendente de ditar e notificar a sentenza na data na que se recibe este decreto. A vista do xuízo se celebrou con antelación a esta resolución.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 13898/111

Sentenza nº 956 do 16 de decembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 46/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación e cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 13893/111

Sentenza nº 949 do 9 de decembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 646/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación e cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 13890/111

Sentenza nº 834 do 7 de novembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 9/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación e cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso de apelación do concello por razón da contía e estima parcialmente o do demandante declarando admisible a pretensión de indemnización por dano moral, con retroacción das actuacións para que o XC-A resolva sobre esta pretensión.
O Departamento de Persoal e o de Seguridade, deben coñecer o resolto (e estudar a execución do contido estimatorio da sentenza nº 191/2021 de instancia).

10.- Contencioso. Expediente nº 13894/111
Sentenza nº 955 do 16 de decembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 1/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación e cantidades por horas extraordinarias
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:
- inadmite o recurso municipal por razón da contía
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto a inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción das actuacións para que o xulgado resolva
O departamento de persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio- RPA) deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 13896/111
Sentenza nº 909 do 30 de novembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 11/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 18-11-2019. Cálculo do valor das gratificacións e indemnización de 25.000 € por dano moral.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso de apelación do Concello (pola contía) e estima parcialmente o recurso de apelación do demandante, admitindo a pretensión indemnizatoria e retrotraendo as actuacións para que o Xulgado resolva sobre ela.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

12.- Contencioso. Expediente nº 13901/111
Sentenza nº 912 do 30 de novembro de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 641/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo
Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 26-11-2019. Valor da hora normal de traballo para gratificacións e indemnización por dano moral
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso municipal pola contía e estima parcialmente o do demandante admitindo a pretensión indemnizatoria con retroacción das actuacións ao XC-A nº 2 para que resolva sobre ela.
O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto.

13.- Contencioso. Expediente nº 13817/111
Sentenza nº 906 do 30 de novembro de 2022



Concello de Vigo

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 579/2021

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación presunta de reclamación do 14-11-2019. Retribucións (gratificacións) entre agosto 2015 e 31-10-2019 e RPA por “dano moral”

Contía: Indeterminada superior a 30.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima o recurso de apelación do Concello anulando o Auto do 27-7-2021, con retroacción doas actuacións ao momento inmediatamente posterior ao ditado da Sentenza (sen o Auto xa) para notificación e inicio dos prazos do recurso.

O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 13889/111

Sentenza nº 642 do 14 de setembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 17/2022

Demandante/Recorrente: Concello de Vigo

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo de reclamación de cantidades por horas extraordinarias

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:

- inadmite o recurso municipal por razón de contía

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 14932/111

Sentenza nº 294 do 4 de novembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 216/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 28-4-2022 (en reposición). Sanción tráfico, estacionamento.

Expte(s): 291456/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima parcialmente o recurso, considerando (por falta de motivación da concurrencia dos supostos do art 91.2. do R.X.C.) que a infracción é leve e conleva a sanción de 45 €.

O departamento de Seguridade e Tesourería- Recadación deben executar o resolto (substituír a infracción grave -sanción 200 € por infracción leve - sanción 45 €).

16.- Contencioso. Expediente nº 14885/111

Sentenza nº 268 do 19 de outubro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 209/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 8-4-2022 (en reposición). Sanción de tráfico (e taxas guindastre): estacionamento (TMR).

Expte(s): 290682/280 e 290685/280

Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso, ante a resolución sancionadora e ordena a devolución actualizada do ingreso como sanción (o 5-5-2022) e como taxas pola retirada do vehículo (como ingresos indebidos), con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación deben executar o resolto en tempo e forma.

17.- Contencioso. Expediente nº 13703/111

Providencia do 3 de novembro de 2022

Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 4

Recurso de casación: 4512/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Escrito do 3-11-2020 e Resolución do 26-10-2020. Xubilación por incapacidade permanente total para a profesión habitual

Expte(s): 36603/220

Contía: 8.195,00 €

Inadmite o recurso de casación do demandante contra a Sentenza 138/2021, por carencia de interese casacional, con custas taxadas de oficio.

O departamento de Persoal e (o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

Procedementos de orixe:

R. Apelación 415/2021 TSXG Sala do C-A, Sección 1ª. Sentenza nº 138 do 23-2-2022, desestimou o recurso de apelación do demandando e estimou o do Concello. (Comunicada na sesión da XGL do 7-4-2022).

P.E./D.F. 346/2020 XCA 2 de Vigo, Sentenza nº 125 do 10-6-2021. Estimatoria parcial (Comunicada na sesión da XGL do 10-9-2021).

18.- Contencioso. Expediente nº 14934/111

Sentenza nº 314 do 29 de novembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo

Abreviado: 223/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 2-2-2022. Inadmisión de solicitude de revisión de oficio en relación coa execución de sanción de tráfico

Expte(s): 165905/700

Contía: 1.000,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso con custas taxadas de oficio.

19.- Contencioso. Expediente nº 14820/111

Sentenza nº 276 do 24 de novembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 172/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta. Escrito do 23-11-2021 (certificación en relación cun terreo)

Expte(s): 20958/240

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso (por carencia de actividade susceptible de ser obxecto del), sen prexuízo de valorar diversas cuestións sobre o fondo da controversia.

O departamento de Patrimonio debe coñecer o resolto.

20.- Contencioso. Expediente nº 15011/111

Sentenza nº 316 do 29 de novembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo



Concello de Vigo

Abreviado: 253/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do 3-8-2022. Sanción de tráfico (N.I.C.)

Expte(s): 292808/280

Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, estima o recurso e anula a sanción, con custas taxadas de oficio e con base na "tese" da "xustificación razonada" e da "boa fe" para non atender ao requerimento de identificación do conductor en tempo e forma.

21.- Contencioso. Expediente nº 14881/111

Sentenza nº 306 do 9 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 206/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Desestimación por silencio administrativo, da reclamación previa presentada o 22/09/2021 de solicitude de conservación das retribucións do posto de orixe (bombeiro interino en prácticas no Concello de Vigo) e recoñecemento dos trienios consolidados

Expte(s): 38500/220

Contía: 1.190,58 €

Esta sentenza, firme por contía, estima o recurso do demandante. Imposición de custas por valor de 100 euros.

O actor superou o proceso selectivo para o ingreso no SPEIS do Concello de Vigo e prestou servizos durante un periodo de prácticas. Na demanda reclama a diferenza entre o percibido e o que consideraba que tiña que percibir, incluíndo non só as retribucións básicas, senón as complementarias desa praza.

Na sentenza se indica que a posición de partida da demandada é desfavorable porque se está a impugnar un silencio, sempre indebido segundo esta resolución, e porque o periodo de prácticas conleva a prestación ordinaria do servizo, polo que procede a percepción das retribucións complementarias da praza.

Finalmente, se recolle na demanda que o Concello debía aplicar a súa propia resolución nos seus termos, polo que considera disconforme a dereito a actuación que o actor impugnou.

A Área de RRHH e Formación debe coñecer do resolto e executar a sentenza.

22.- Contencioso. Expediente nº 14665/111

Sentenza nº 460 do 16 de decembro de 2022

TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 3

Recurso de apelación: 7085/2022

Demandante/Recorrente: Empresa

Obxecto: Resolución do 26-7-2021. Reclamacións de cantidades (cesión de créditos, en contrato de facturación, nun contrato municipal-Linorsa e dous embargos da Seg. Soc.)

Expte(s): 188/143 (e 3826/440)

Contía: 223.272,17 €

Esta sentenza, que non é firme, pero contra a que só cabe recurso de casación, desestima integramente o recurso de apelación interposto por Caixabank contra a sentenza do XCA 2 de Vigo que xa desestimara a demanda pola que reclamaba unha cantidade ao Concello (223.272,17 euros), por mor dunha cesión de créditos de Linorsa (adxudicataria dun contrato de servizos de limpeza das dependencias municipais) a esta entidade.

Cómpre lembrar que Linorsa pola súa vez, declarada en situación de insolvencia, cedera o contrato a outra contratista.

Na sentenza se confirma que o criterio xurídico do órgano de instancia foi válido, e que o prazo de prescrición operou neste caso pola inactividade da demandante, quen lle reclamara tal cantidade á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Se resolve que non era nin o órgano administrativo a quen reclamarlle iso, nin sana o defecto de non reclamarlle, no seu caso, ao Concello en prazo.

Se apunta na sentenza que o Concello abonou as cotizacións á Seguridade Social da empresa prestadora do servizo de limpeza e tamén a esta empresa outros pagos (polo contrato de "factoring" que pola súa vez tiña Linorsa con Caixabank), o que ocasionaría un emborcementamento do Concello por dobre pagamento (FX II).

A Tesouraría debe coñecer do resolto.

23.- Contencioso. Expediente nº 14896/111

Sentenza nº 318 do 15 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 219/2022

Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo desestimatoria da solicitude de permuta efectuada polos demandantes funcionarios con praza de bombeiros na Deputación de Álava e Concello de Vigo, respectivamente.

Expte(s): 39604/220

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme e contra a que cabe a interposición de recurso de apelación, estima parcialmente a demanda e considera que os dous demandantes cumpren os requisitos para a estimación da pretensión da demanda, pero ao tratarse dunha potestade discrecional, e ademais non solicitarse na demanda, non se resolve a estimación completa do solicitado na vía administrativa.

Se tratou neste proceso dunha solicitude de permuta entre dous funcionarios do SPEIS, un deles funcionario do Concello de Vigo, pero o outro residente nunha CCAA diferente á galega, polo que se considera na demanda que a íntegra aplicación da Lei de emprego aos dous solicitantes non resulta correcta, debendo acudir á fonte común que é o Regulamento de Funcionarios da Administración Local do 1952, extremo que, xunto cos informes favorables do SPEIS (xefatura, no caso de Vigo), e da Administración da que depende o outro funcionario, implica que se cumpran as condicións para a permuta.

Non obstante, a existencia dunha regulación legal e xurisprudencia sobre o carácter regrado das permutas entre postos de traballo, impide que se poida recoñecer tal dereito directamente polo órgano xudicial. Ao que se engade na sentenza que non se solicitara expresamente que se condenase ao Concello de Vigo a resolver de novo de modo motivado.

Polo que se resolve finalmente que deberán os actores solicitar de novo as permutas e de novo resolverse, cunha motivación diferente á empregada na resolución impugnada.

A Área de RRHH e Formación deberá coñecer do resolto.

24.- Contencioso. Expediente nº 14951/111

Sentenza nº 314 do 15 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 232/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo que lle impón multa por non identificar ao conductor

Expte(s): 292272/280

Contía: 45,00 €

Desestima o recurso por estacionamento inbebido sen tique na zona azul. Declara que o procedemento sancionador foi tramitado correctamente, que a notificación da multa enténdese notificada por canto presentou alegacións e que non existe ningún tempo mínimo de cortesía para o estacionamento "irregular". Con custas (50 euros).

25.- Contencioso. Expediente nº 14902/111

Sentenza nº 323 do 20 de decembro de 2022



Concello de Vigo

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 221/2022

Demandante/Recorrente: Asociacións e entidades similares

Obxecto: Desestimación presunta, por silencio administrativo, do recurso de reposición formulado contra resolución do 07/04/2021, desestimatoria da reclamación de indemnización por RPA.

Expte(s): 5830/243

Contía: 13.385,58 €

A actora puxo de manifesto a existencia do dano que consideraba non tiña a obriga de soportar, dende o ano 2014 e xa na vía administrativa quedou demostrado que os danos son reais e que a súa reparación foi abonada, e declara que nos atopamos en presenza de danos existentes, economicamente evaluables que responden á valoración do mercado. Di que queda probado que as obras municipais foron as causantes dos danos, concorrendo aquí todos os requisitos da responsabilidade patrimonial.

Polo exposto, estímase o recurso e se lle ordena ao Concello de Vigo a indemnizar á comunidade demandante en concepto de danos e prexuízos por importe total de 13.385,58 euros, incrementados nos seus intereses legais.

26.- Contencioso. Expediente nº 14953/111

Sentenza nº 315 do 15 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 242/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira da Área de Seguridade ditada no expediente nº 2022/13333, pola que se lle impón multa de 900 euros

Expte(s): 292307/280

Contía: 900,00 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución da concellería da área de mobilidade e seguridade do 23 de maio de 2022, pola que se impuxo unha multa de 900 euros por infracción grave consistente en non identificar á conductora.

Os motivos de desestimación son a tramitación correcta municipal do procedemento sancionador que esixía previa requirimento de identificación ao condutor, que no caso de ser incumplido daría lugar a unha infracción moi grave cuxa sanción sería o triple da prevista para a infracción orixinaria.

As notificacións foron practicadas no enderezo que constaba na DXT, foron recibidas por persoa autorizada, e contiñan as indicacións e advertencias previstas pola lexislación de tráfico. A denuncia contiña todos os elementos esixidos polo art 87.2 do RD 6/2015, que verifica a infracción de tráfico orixinaria.

Polo exposto, desestímase o recurso interposto.

27.- Contencioso. Expediente nº 14955/111

Sentenza nº 316 do 15 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 241/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Concelleira delegada da Área de Seguridade do Concello de Vigo, que lle impón sanción de 900 euros

Expte(s): 292324/280

Contía: 900,00 €

Sentenza firme desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra o decreto da concellería da área de mobilidade e seguridade de 30 de maio de 2022 polo que se impuxo unha multa de 900 euros por unha infracción moi grave consistente en non identificar ao conductor (900 euros).

Di a sentenza que o Concello tramitou o expediente co procedemento legalmente establecido, previo requirimento de identificación do condutor, xa que a infracción levaba aparelhada a detracción de puntos.

Que as notificacións foron practicadas e recibidas correctamente, no enderezo que constaba na DXT, e recollían os contidos establecidos pola lexislación en materia de tráfico.

Que a demandante non atendeu ao requirimento de identificación dentro do prazo establecido; a identificación realizada dous meses despois non evita a consumación da infracción pola que foi correctamente sancionada, isto é, a non identificación do/a condutor/a.

Consta denuncia, que serve como acordo de incoación (art. 86 RD 6/2015) incluso como resolución no caso do art. 95.4 do RD 6/2015.

Polo exposto desestímase o recurso.

28.- Contencioso. Expediente nº 14952/111

Sentenza nº 322 do 20 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 239/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución do Concello de Vigo do 30/05/2022, ditada no expediente sancionador nº 2022/09658 (imposición de multa por conducción temeraria)

Expte(s): 292273/280

Contía: 500,00 €

Sentenza firme estimatoria do recurso contencioso administrativo interposto contra a resolución do 30 de maio de 2022, pola que se lle impuxo á demandante unha sanción de 500 euros e perda de 6 puntos de carné por conducción temeraria (en sentido contrario ao da vía pola que circulaba), baixo os efectos do alcohol.

Estímase a demanda por indebida tipificación dos feitos, por considerar acreditado o alegado pola demandante en relación ao despiste, ao erro de conducir por dirección contraria, que demostran que estamos ante unha conducta imprudente e non temeraria, non dolosa, do art. 76.c) do RD 6/2015 e non do art. 77.f) do RD 6/2015.

Polo exposto, estímase o recurso interposto pola demandante.

29.- Contencioso. Expediente nº 14821/111

Sentenza nº 287 do 1 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 176/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Desestimación presunta de reposición. Resolución do 8-3-2022 (autorización de Vao na Avda. Galicia nº 76).

Expte(s): 116248/210

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso conforme ao que solicitamos e establece o art. 28 da LX C-A, e con custas taxadas de oficio.

O departamento de Seguridade e a XMU-Licenzas de actividades deben coñecer o resolto.

30.- Contencioso. Expediente nº 14816/111

Sentenza nº 288 do 1 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo

Abreviado: 177/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: "Inactividade" en relación coa resolución do 1-12-2021 de "Comisión de Transparencia de Galicia". Rúa Milladas e cuestións urbanizadoras.

Expte(s): 1701/110 e 112163/421



Concello de Vigo

Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, considera que non houbo “inactividade” municipal, que o Concello atendeu a solicitude da demandante (varias veces) e que o solicitado pola actora partía de supostos xurídicos erróneos.

A Secretaría de Administración Municipal, o departamento de Fomento e XMU-Urbanización e Infraestruturas deben coñecer o resolto.

31.- Contencioso. Expediente nº 15170/111

Auto do 27 de decembro de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Peza separada de medidas cautelarísimas: 326/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Resolución da Alcaldía do 31/10/2022 que fixa os servizos mínimos a manter durante a folga convocada.

Expte(s): 3926/449

Este Auto non é firme, e resolve sobre a medida cautelar relativa á suspensión dos efectos do decreto de servizos mínimos do 25/11/2022, da folga convocada polo comité de empresa de Vitrasa (contratista do servizo municipal de transporte urbano de viaxeiros).

Este Auto incorpora parte da fundamentación do anterior Auto do 30/11/2022, que resolveu sobre a medida cautelar ditada na que se solicitaba a suspensión do primeiro decreto de servizos mínimos.

Nesta segunda ocasión, e ampliado o obxecto do recurso principal a este segundo decreto, se estima polo Xulgado que non concorren as mesmas circunstancias que no caso do decreto anterior, e por iso o Concello adoptou unhas novas medidas.

Adoptando unha postura intermedia ("de terceira vía" se recolle literalmente no auto), o Xulgado considera que durante a primeira media hora de cada un dos paros parciais; a partires das 0:00, das 7:30 e das 14:00 hrs, se permita tanto a subida como a baixada de viaxeiros, e dende ese momento só a baixada das persoas usuarias nas paradas que soliciten, ata o remate de cada traxecto.

Atendendo a que se trata dun tipo de procedemento especial (de dereitos fundamentais), non de legalidade ordinaria, e das particulares circunstancias concorrentes nas que tanto o dereito fundamental á folga como a organización do servizo público deben coonestarse, se solicita que en caso de que o Servizo xestor pretenda a impugnación deste Auto, emita un informe urxente e fundado sobre as razóns para a súa apelación. En caso de non recibilo, non se interpoñerá.

O Servizo de Transportes debe coñecer do resolto.

B) RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE CIVIL

1.- Civil. Expediente nº 15166/111

Auto nº 547 do 2 de decembro de 2022

Xulgado de Primeira Instancia nº 2 de Vigo

Medidas Cautelares Previas: 1090/2022

Demandante/Recorrente: Particular

Obxecto: Nulidade de embargo do expediente executivo de apremio nº F025351

Expte(s): APREMIO F025351

Auto ditado nas Medidas Cautelares Previas 1090/2022, relacionadas co PO 942/2022, que estima a solicitude de medida cautelar consistente na anotación preventiva de demanda.

Se estima proporcional e fundada tal medida, posto que o discutido é un dereito de propiedade sobre un trasteiro e unha praza de garaxe subastados polo Concello de Vigo que a demandante alega que adquirira por subasta anteriormente, pola súa vez da Atriga, pero que non rexistrara no Rexistro da Propiedade.

A Recadación Executiva debe coñecer do resolto, a pesares de que na vía administrativa non implica a realización de ningún trámite.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.



Concello de Vigo

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(30).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA DA SAÚDE. EXPTE. 1533/2202.

Visto o informe de fiscalización do 23/01/2023, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación realizada en data 20/01/2023, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1533-2202)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

*“**Primeiro.-** Aprobar o expediente de contratación da prestación do servizo de vixilancia da saúde para o persoal do Concello de Vigo por parte dun Servizo de Prevención Alleo (expediente 1533/2202).*

***Segundo.-** Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato, elaborado polo Servizo de Contratación con data de sinatura electrónica de 21/09/2022.*

***Terceiro.-** Autorizar o gasto por un importe de 747.488,25€ (exento de IVE) de acordo ás seguintes anualidades:*

- Ano 2023: 186.872,06 euros
- Ano 2024: 249.162,75 euros
- Ano 2025: 249.162,75 euros

- Ano 2026: 62.290,69 euros

Para o seu financiamento aplicaranse os créditos do vixente orzamento do Concello de Vigo contemplados na aplicación 2210.1600800 "Asistencias médica do persoal" do orzamento de gastos do Concello de Vigo.

Cuarto.- *Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."*

Segundo.- En data 18 de novembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISONOR, S.L., interpón recurso especial en materia de contratación ante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), impugnando os pregos que rexen a licitación do presente procedemento.

Terceiro.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 16 de decembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

"1º.-Tomar razón da Resolución nº 221/2022 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 209/2022, interposto por PREVISONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 do Concello de Vigo.

Na mesma o TACGAL inadmite o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

1. Inadmitir o recurso interposto por PREVISONOR, S.L. contra os pregos da contratación dun servizo de prestación da especialidade da vixilancia da saúde de todo o persoal do Concello de Vigo, expediente 1533-2202 dese Concello.

2. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación e continuar coa tramitación do mesmo."

Cuarto.- En data 13 de decembro de 2022, D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISONOR, S.L., solicita que o órgano de contratación declare a nulidade de pleno dereito do expediente, pois na súa opinión, os pregos contradixen o ordenamento xurídico e producen un efecto lesivo para o administrado por canto atentan contra os dereitos dos traballadores adscritos á prestación do servizo. Así mesmo, alega que a inadmisión do recurso por extemporáneo débese a que no anuncio de licitación fixouse como data de interposición do recurso contra os pregos o 18 de novembro, data na que se interpuxo o recurso.



Concello de Vigo

Quinto.- A Xunta de Goberno local, na sesión do 12 de xaneiro de 2022, acorda o seguinte:

"1º.- Inadmitir a solicitude de nulidade do procedemento aberto do servizo de vixilancia da saúde, presentada o 13 de decembro de 2022 por D. Jorge Juan González Cuenca, en nome e representación de PREVISIONOR, S.L., por non estar incluídos as causas de nulidade alegadas entre as previstas nos artigos 39 da LCSP e 47.1 da LPAC.

2º.- Non procede a petición de ditame do Consello Consultivo por canto estas non se baseen nalgunha das causas de nulidade do artigo 47.1 da LPAC."

Sexto.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 19 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de vixilancia da saúde (1.533-2202) na seguinte orde descendente:

O r d e	Licitadores	Puntuación
1	IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L.	70,00 puntos
2	QUIRÓN PREVENCIÓN, S.L.	62,50 puntos
3	PREVISIONOR, S.L.	54,63 puntos
4	GEROSALUD, S.L.	52,45 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, IBERSYS SEGURIDAD Y SALUD, S.L. (B-27.222.827), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC-.*
A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas polo interesado, que manifesta o seguinte:

- Que a base cuarta contradí o principio de igualdade e non discriminación por razóns persoais e sociais, e contradí a propia base primeira e a proclamación da Exposición de Motivos do “carácter de subvención universal”
- Que o importante é que ambos (cidadán e fillo) estean empadroados en Vigo, porque se non, se subvenciona a persoas que non están empadroadas en Vigo, pero se exclúe a familias empadroadas en Vigo que teñen aos seu fillos escolarizados en colexios de concellos da provincia, deixando fora aos que viven e pagan os seus impostos en Vigo.
- Que a referida base contravén o artigo 8.3 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o artigo 5.2.a) da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e o artigo 14 da Constitución.

- Que o obxecto da subvención é a axuda ás familias do alumnado para paliar os efectos gravosos da actual crise, gravame que afecta tanto aos que escolarizan en Vigo sen residir no municipio como para os que residindo en Vigo escolarizan en municipios limítrofes. Polo que a subvención debe incluír aos pais, nais, titores/as ou representantes legais de alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos doutros municipios, e alternativamente definir a condición de beneficiario so para os empadroados no termo municipal de Vigo.

- Que a base cuarta conculca o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003: *Podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las personas o entidades que se encuentren en la situación que fundamenta la concesión de la subvención.* Igualmente artigo 10.1da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

- Solicita se teña por interposto recurso de reposición contra as bases, e se acorde modificar a base cuarta para atribuír a condición de beneficiarios aos pais, nais, titores/as ou representantes legais de alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos que estea empadroado no termo municipal de Vigo independentemente do municipio en que estean matriculados.

III.- Valoración das alegacións

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base cuarta cales son os beneficiarios/as das axudas:

“Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitos no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial.”

Así mesmo, entre o requisitos esixidos a base quinta establece: “a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo.”

- Sobre o termo municipal: Atendendo ao disposto no artigo 12 da ley 7/85 Reguladoras das Bases do Réxime Local, e no artigo 1 de Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, o concello exerce as súas competencias no territorio que abarca o seu termo municipal.

Para o outorgamento dunha subvención polo concello, este ten que ser competente por razón da materia e tamén do territorio. No presente caso tratándose de axudas vinculadas a determinados estudos (educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial) a conexión có termo municipal prodúcese tendo en conta que os centros educativos se localicen no termo municipal de Vigo, ten que existir unha vinculación territorial do centro de estudos co Concello de Vigo. Cúmrese deste xeito a competencia municipal por razón do territorio.

- Inexistente vulneración do principio de igualdade: Nas bases reguladoras de axudas vinculadas aos estudos concedidas por concellos xeralmente establécense como requisitos por un lado o de estar empadroado no termo municipal e, por outro, estar matriculado nun centro educativo sito no termo municipal de concello convocante das axudas.

Nas bases obxecto de recurso elimínase o requisito do empadroamento e isto é precisamente atendendo ao principio de igualdade, de xeito que o alumnado que asiste a un determinado centro escolar teña dereito as mesmas axudas en canto estas teñen carácter social.

Esta cuestión sobre o requisito do empadroamento respecto de axudas ao estudo foi resolta pola sentenza de 27 de xullo de 2018 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Oviedo



Concello de Vigo

(Rec.121/2018) confirmada por sentenza de 29 de outubro de 2018 do Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias (rec. 1/2018). A referida sentenza sinala "*Debemos partir, por tanto de los derechos fundamentales cuya tutela se pretende y que conforme al escrito de interposición del recurso son el principio de igualdad y derecho a la no discriminación que se contiene en el art 14 CE.*

En el presente caso ello se centra en el requisito de estar empadronado en el Ayto. de Oviedo para poder acceder a las ayudas así establecidas para subvención de comedor escolar. La base correspondiente reguladora de la convocatoria contiene un doble requisito consistente en que los niños estén matriculados en un colegio del municipio de Oviedo y, junto a ello, que estén inscritos en el padrón municipal de habitantes del Ayuntamiento de Oviedo. Es este el punto objeto de discordia ya que, a juicio de la parte, el requisito esencial sería únicamente el de estar matriculado en un colegio del municipio de Oviedo pero no el estar empadronado en este mismo Ayuntamiento, lo que considera discriminatorio.

A este respecto es sabido que cuando se trata de invocación del principio de igualdad se debe establecer un determinado término de comparación y en este caso ese término de comparación giraría en torno a un elemento común (en ambos casos se trataría de niños que asisten a colegios de educación situados en el municipio de Oviedo) y un elemento diferencial que sería el que en un caso (quien recibe las ayudas) está empadronado en Oviedo mientras que en el segundo caso (quien no puede concurrir a las mismas) estaría empadronado en otro municipio. La cuestión que aquí se presenta por tanto es si dicho elemento diferencial constituye una justificación objetiva y razonable para ese trato diferenciado y, sobre este particular, aun reconociendo que la cuestión efectivamente puede estar sujeta a interpretaciones en uno y otro sentido, se considera que no da soporte suficiente para ese trato diferenciado valorando para ello, en primer lugar, que el sentido y finalidad de las ayudas es el de que los niños que acuden a los centros escolares del municipio dispongan de unas ayudas para poder hacer frente a los gastos de comedor escolar, otorgando un determinado porcentaje de ayuda en relación al precio del menú siendo así que dicha situación de necesidad del menor (y de su familia) tanto se produce esté empadronado en este municipio o no y el elemento de conexión con el término municipal ya se ve cumplido en la medida que la ayuda va dirigida precisamente a los niños que asisten a un mismo comedor y estén sentados en la misma mesa y, teniendo una misma situación económica familiar o incluso alguno de ellos más desfavorecido, uno disponga de ayudas para el comedor escolar por la sola circunstancia de residir en este municipio y no el otro, aun cuando su situación económica fuera incluso de peor condición."

Este mesmo argumentario é o recollido na sentenza de 10 de xaneiro de 2020 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 4 de Oviedo (Rec.304/2019) que resolve un recurso interposto contra resolución da xunta de goberno local do concello de Oviedo de becas en comedores escolares e de axudas ao estudo.

O principio de igualdade esixe que iguais supostos de feito teñan iguais consecuencias xurídicas. Neste sentido debemos seguir a doutrina marcada polo Tribunal Constitucional que establece que *este principio que se invoca - igualdad- no implica en todos los casos un tratamiento legal igual con abstracción de cualquier elemento diferenciador de relevancia jurídica, pues no toda desigualdad de trato normativo respecto a la regulación de una determinada materia supone una infracción del mandato contenido en el art. 14 CE , sino tan sólo las que introduzcan una diferencia entre situaciones que puedan considerarse iguales, sin que se ofrezca y posea una justificación objetiva y razonable para ello. El principio de igualdad exige, así, que a iguales supuestos de hecho se apliquen iguales consecuencias jurídicas y, por tanto, veda la utilización de elementos de diferenciación que quepa calificar de arbitrarios o carentes de una justificación razonable. En suma, lo que prohíbe el principio de igualdad son las desigualdades que resulten artificiosas o injustificadas por no venir fundadas en criterios objetivos y razonables, de valor*

generalmente aceptado. También es necesario, para que sea constitucionalmente lícita la diferencia de trato, que las consecuencias jurídicas que se deriven de tal distinción sean proporcionadas a la finalidad perseguida, de suerte que se eviten resultados excesivamente gravosos o desmedidos. En resumen, el principio de igualdad no sólo exige que la diferencia de trato resulte objetivamente justificada, sino también que supere un juicio de proporcionalidad sobre la relación existente entre la medida adoptada, el resultado producido y la finalidad pretendida (entre outras, SSTC 22/1981; 39/2002; 103/2002 y 104/2004).

Neste caso pártese de situación diferentes, subvencionase ao alumnado matriculado nun centro escolar en Vigo, en tanto que a parte recorrente pretende que se subvencione ao alumnado empadroado en Vigo. O elemento diferenciador destas situación é o territorio onde estuda o alumnado, este elemento no é inxustificado se non que resulta da aplicación dun mandato legal cal é o exercicio das competencias no territorio do municipio.

En canto a que se conculca o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 e no artigo 10.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia: “*Podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las personas o entidades que se encuentren en la situación que fundamenta la concesión de la subvención (...)*”. As persoas ás que se quere outorgar segundo o recurso a condición de beneficiario non se atopan na mesma situación, hai un elemento diferenciador como xa se indicou no paragrafo anterior.

Atendendo ao principio de igualdade o Concello de Vigo tendo en conta o carácter das axudas trata de igual modo aos nenos/as que acoden ao mesmo centro escolar e as súas familias. En base ao exposto o recurso ten que ser desestimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Desestimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por don Antonio Carballeda Vázquez contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de novembro de 2022 polo que se aproban as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio .

Segundo.- Notificar as persoas interesadas o presente acordo, informándolle/s que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

q) **Recurso de reposición interposto por ANA MARÍA RIOBÓ HERMIDA.**



Concello de Vigo

Dáse conta do informe-proposta de data 24/01/2023, asinado polo xefe do Servizo de Educación e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- O 24/11/2022 a Xunta de Goberno Local adoptou os seguintes acordos:

- Aprobar o gasto por importe total de 5.200.000,00 (cinco millóns douscentos mil) euros, que se imputarán con cargo á aplicación orzamentaria 3260.480.0002 "Plan extr. axudas familias fillos escolarizados" dos orzamentos xerais do Concello de Vigo do exercicio orzamentario do ano 2022.

- Aprobar a Convocatoria, o Extracto da mesma e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio, que se achegan no expediente.

- Publicar, unha vez aprobadas, a Convocatoria e as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.

2.- As referidas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 228, de 29 de novembro de 2022.

3.- O 30/12/22 dona Ana María Riobó Hermida interpón recurso de reposición (doc 220343724) contra o acordo da XGL sobre aprobación das Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. Normativa de aplicación:

- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común (LPAC).
- Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).

II. Recurso de reposición:

A tenor do disposto nos artigos 115, 123 e 124 da LPAC dáse cumprimento aos requisitos de interposición do recurso de reposición en tempo e forma, polo que resulta procedente entrar na análise de fondo das alegacións achegadas pola interesada, que manifesta o seguinte:

- Que a base cuarta contradí o principio de igualdade e non discriminación por razóns persoais e sociais, e contradí a propia base primeira e a proclamación da Exposición de Motivos do "carácter de subvención universal".

- Que o importante é que ambos (cidadá e fillo) estean empadroados en Vigo, porque se non, se subvenciona a persoas que non están empadroadas en Vigo, pero se exclúe a familias empadroadas en Vigo que teñen aos seu fillos escolarizados en colexios de concellos da provincia, deixando fora aos que viven e pagan os seus impostos en Vigo.

- Que non se ten en conta a capacidade económica que predica a exposición de motivos e a base primeira
- Que a referida base contravén o artigo 8.3 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, o artigo 5.2.a) da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia e o artigo 14 da Constitución.
- Que o obxecto da subvención é a axuda ás familias do alumnado para paliar os efectos gravosos da actual crise, gravame que afecta tanto aos que escolarizan en Vigo sen residir no municipio como para os que residindo en Vigo escolarizan en municipios limítrofes. Polo que a subvención debe incluír aos pais, nais, titores/as ou representantes legais de alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos doutros municipios, e alternativamente definir a condición de beneficiario so para os empadroados no termo municipal de Vigo.
- Que a base cuarta conculca o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003: *Podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las personas o entidades que se encuentren en la situación que fundamenta la concesión de la subvención.* Igualmente artigo 10.1da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
- Solicita se teña por interposto recurso de reposición contra as bases, e se acorde modificar a base cuarta para estender a condición de beneficiarios aos pais, nais, titores/as ou representantes legais de alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitios no termo municipal de Vigo ou en outros municipios, ou ben atribuír dita condición de beneficiario as referidas persoas en canto empadroadas no termo municipal de Vigo.

III.- Valoración das alegacións

Respecto a que non se ten en conta a capacidade económica que predica a exposición de motivos e a base primeira: A Exposición de Motivos das bases considera como formula máis oportuna a *"(...) dunha axuda fixa por cada alumna/o matriculada/o en centros de ensino obrigatorio ou de educación especial sostidos con fondos públicos no territorio de Vigo, para todas as familias con alumnas/os a cargo"*. xustificando o carácter de subvención universal.

As Bases reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio determinan na base cuarta cales son os beneficiarios/as das axudas:

"Poderán beneficiarse destas axudas os pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado de centros docentes sostidos con fondos públicos sitios no termo municipal de Vigo matriculados en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial."

Así mesmo, entre o requisitos esixidos a base quinta establece: "a) Que o alumnado para o que se solicite a axuda estea matriculado nun centro público ou privado concertado en Educación Primaria, Educación Secundaria Obrigatoria ou Educación Especial situado no termo municipal de Vigo."

- Sobre o termo municipal: Atendendo ao disposto no artigo 12 da ley 7/85 Reguladoras das Bases do Réxime Local, e no artigo 1 de Regulamento de poboación e demarcación territorial das entidades locais, o concello exerce as súas competencias no territorio que abarca o seu termo municipal.

Para o outorgamento dunha subvención polo concello, este ten que ser competente por razón da materia e tamén do territorio. No presente caso tratándose de axudas vinculadas a determinados estudos (educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial) a conexión có termo municipal prodúcese tendo en conta que os centros educativos se localicen no termo municipal de Vigo, ten que existir unha vinculación territorial do centro de estudos co Concello de Vigo. Cúmrese deste xeito a competencia municipal por razón do territorio.



Concello de Vigo

- Inexistente vulneración do principio de igualdade: Nas bases reguladoras de axudas vinculadas aos estudos concedidas por concellos xeralmente establécense como requisitos por un lado o de estar empadronado no termo municipal e, por outro, estar matriculado nun centro educativo sito no termo municipal de concello convocante das axudas.

Nas bases obxecto de recurso elimínase o requisito do empadroamento e isto é precisamente atendendo ao principio de igualdade, de xeito que o alumnado que asiste a un determinado centro escolar teña dereito as mesmas axudas en canto estas teñen carácter social.

Esta cuestión sobre o requisito do empadroamento respecto de axudas ao estudo foi resolta pola sentenza de 27 de xullo de 2018 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 1 de Oviedo (Rec.121/2018) confirmada por sentenza de 29 de outubro de 2018 do Tribunal Superior de Xustiza do Principado de Asturias (rec. 1/2018). A referida sentenza sinala "*Debemos partir, por tanto de los derechos fundamentales cuya tutela se pretende y que conforme al escrito de interposición del recurso son el principio de igualdad y derecho a la no discriminación que se contiene en el art 14 CE.*

En el presente caso ello se centra en el requisito de estar empadronado en el Ayto. de Oviedo para poder acceder a las ayudas así establecidas para subvención de comedor escolar. La base correspondiente reguladora de la convocatoria contiene un doble requisito consistente en que los niños estén matriculados en un colegio del municipio de Oviedo y, junto a ello, que estén inscritos en el padrón municipal de habitantes del Ayuntamiento de Oviedo. Es este el punto objeto de discordia ya que, a juicio de la parte, el requisito esencial sería únicamente el de estar matriculado en un colegio del municipio de Oviedo pero no el estar empadronado en este mismo Ayuntamiento, lo que considera discriminatorio.

A este respecto es sabido que cuando se trata de invocación del principio de igualdad se debe establecer un determinado término de comparación y en este caso ese término de comparación giraría en torno a un elemento común (en ambos casos se trataría de niños que asisten a colegios de educación situados en el municipio de Oviedo) y un elemento diferencial que sería el que en un caso (quien recibe las ayudas) está empadronado en Oviedo mientras que en el segundo caso (quien no puede concurrir a las mismas) estaría empadronado en otro municipio. La cuestión que aquí se presenta por tanto es si dicho elemento diferencial constituye una justificación objetiva y razonable para ese trato diferenciado y, sobre este particular, aun reconociendo que la cuestión efectivamente puede estar sujeta a interpretaciones en uno y otro sentido, se considera que no da soporte suficiente para ese trato diferenciado valorando para ello, en primer lugar, que el sentido y finalidad de las ayudas es el de que los niños que acuden a los centros escolares del municipio dispongan de unas ayudas para poder hacer frente a los gastos de comedor escolar, otorgando un determinado porcentaje de ayuda en relación al precio del menú siendo así que dicha situación de necesidad del menor (y de su familia) tanto se produce esté empadronado en este municipio o no y el elemento de conexión con el término municipal ya se ve cumplido en la medida que la ayuda va dirigida precisamente a los niños que asisten a un mismo comedor y estén sentados en la misma mesa y, teniendo una misma situación económica familiar o incluso alguno de ellos más desfavorecido, uno disponga de ayudas para el comedor escolar por la sola circunstancia de residir en este municipio y no el otro, aun cuando su situación económica fuera incluso de peor condición."

Este mesmo argumentario é o recollido na sentenza de 10 de xaneiro de 2020 do Xulgado do Contencioso-administrativo nº 4 de Oviedo (Rec.304/2019) que resolve un recurso interposto contra resolución da xunta de goberno local do concello de Oviedo de becas en comedores escolares e de axudas ao estudo.

O principio de igualdade esixe que iguais supostos de feito teñan iguais consecuencias xurídicas. Neste sentido debemos seguir a doutrina marcada polo Tribunal Constitucional que establece que este principio que se invoca - igualdad- no implica en todos los casos un

tratamiento legal igual con abstracción de cualquier elemento diferenciador de relevancia jurídica, pues no toda desigualdad de trato normativo respecto a la regulación de una determinada materia supone una infracción del mandato contenido en el art. 14 CE, sino tan sólo las que introduzcan una diferencia entre situaciones que puedan considerarse iguales, sin que se ofrezca y posea una justificación objetiva y razonable para ello. El principio de igualdad exige, así, que a iguales supuestos de hecho se apliquen iguales consecuencias jurídicas y, por tanto, veda la utilización de elementos de diferenciación que quepa calificar de arbitrarios o carentes de una justificación razonable. En suma, lo que prohíbe el principio de igualdad son las desigualdades que resulten artificiosas o injustificadas por no venir fundadas en criterios objetivos y razonables, de valor generalmente aceptado. También es necesario, para que sea constitucionalmente lícita la diferencia de trato, que las consecuencias jurídicas que se deriven de tal distinción sean proporcionadas a la finalidad perseguida, de suerte que se eviten resultados excesivamente gravosos o desmedidos. En resumen, el principio de igualdad no sólo exige que la diferencia de trato resulte objetivamente justificada, sino también que supere un juicio de proporcionalidad sobre la relación existente entre la medida adoptada, el resultado producido y la finalidad pretendida (entre otras, SSTC 22/1981; 39/2002; 103/2002 y 104/2004).

Neste caso pártese de situación diferentes, subvencionase ao alumnado matriculado nun centro escolar en Vigo, en tanto que a parte recorrente pretende que se subvencione ao alumnado empadroado en Vigo. O elemento diferenciador destas situación é o territorio onde estuda o alumnado, este elemento no é inxustificado se non que resulta da aplicación dun mandato legal cal é o exercicio das competencias no territorio do municipio.

En canto a que se conculca o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 e no artigo 10.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia: “*Podrán obtener la condición de beneficiario o entidad colaboradora las personas o entidades que se encuentren en la situación que fundamenta la concesión de la subvención (...)*”. As persoas ás que se quere outorgar segundo o recurso a condición de beneficiario non se atopan na mesma situación, hai un elemento diferenciador como xa se indicou no parágrafo anterior.

Atendendo ao principio de igualdade o Concello de Vigo tendo en conta o carácter das axudas trata de igual modo aos nenos/as que acoden ao mesmo centro escolar e as súas familias. En base ao exposto o recurso ten que ser desestimado.

IV . Órgano competente:

O órgano competente é a Xunta de Goberno Local en canto a competencia para resolver o recurso de reposición corresponde ao órgano que ditou o acto impugnado.

Por todo o exposto, e de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das Administracións Públicas **proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:**

Primeiro.- Desestimar de conformidade coa fundamentación xurídica exposta, o recurso de reposición interposto por dona Ana María Riobó Hermida contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 24 de novembro de 2022 polo que se aproban as Bases Reguladoras para a concesión de axudas municipais a familias con fillos e fillas en ensino obrigatorio .

Segundo.- Notificar as persoas interesadas o presente acordo, informándolle/s que contra o mesmo cabe a interposición de recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do



Concello de Vigo

contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(32).-EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO “PROGRAMA DE INFORMACIÓN E ATENCIÓN ESPECIALIZADA PARA A PREVENCIÓN DE SITUACIÓNS DE ACOSO E VIOLENCIA SEXUAL EN ZONAS DE OCIO. PUNTO LILA”. EXPTE. 11873/224.

Visto o informe xurídico do 18/01/2023 e o informe de fiscalización do 19/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 27/12/2023, asinado pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa de Igualdade, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

O obxecto deste contrato de servizos é a xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila”.

Consiste en contratar o soporte profesional e material para prestar o servizo dun “Punto Lila” en 5 eventos anuais (como máximo), que se situarán en distintas localizacións da cidade e en distintas épocas do ano, durante a programación de diferentes eventos de especial significación na cidade e con gran afluencia de público, que teña previsto organizar o Concello de Vigo. Trátase dun programa de sensibilización, información, asesoramento e atención especializada para a prevención entre a mocidade viguesa da violencia sexual e outras formas de violencia que se exercen sobre as mulleres e mozas en zonas de ocio. As tarefas inclúen:

1. Prestar información e atención especializada en igualdade e prevención da violencia de xénero, especialmente sobre a violencia sexual e outras formas de violencia que se exercen sobre as mulleres en zonas de ocio a cargo de 4 profesionais axentes de igualdade de oportunidades con experiencia e formación en igualdade e violencia de xénero.
2. Facilitar o soporte material e infraestrutura:
 - a. Nos eventos que teñan lugar na tempada outono-inverno: unha caseta que deberá montarse e desmontarse no inicio e final do período.
 - b. Nos eventos que teñan lugar na tempada de primavera-verán: unha carpa pregable que deberá montarse e desmontarse cada día.

Estímase a prestación dun total de 165 horas anuais como máximo distribuídas nun máximo de 5 eventos anuais.

En data do 2 de novembro de 2022, a xefa do servizo de Igualdade asina o informe sobre a necesidade e idoneidade para a contratación do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila”. En cumprimento do establecido nos artigos 28 e 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP) e os artigos 165.1, 172.1 e 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, resolvéndose na mesma data o inicio do expediente de contratación pola concelleira-delegada de Igualdade, no uso das competencias que lle atribúe a vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, e Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

No expediente consta a seguinte documentación:

- Informe sobre a necesidade e idoneidade e orde de inicio do procedemento aberto do contrato de servizos do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila” asinados o 2 de novembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade, e o 3 de novembro de 2022 polo concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda e a secretaria da Administración Municipal.
- Memoria económica asinada o 16 de decembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade, a concelleira delegada de Igualdade e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda.
- Certificados de retención de crédito asinados polo director superior contable o 23 de decembro de 2022 (operación 202200149373-RCFUT1)
- Declaración das redactoras do prego de prescricións técnicas asinada o 11 de novembro de 2022 sobre o cumprimento das especificacións técnicas da lexislación vixente e garantía de acceso das licitadores en condicións de igualdade ao procedemento de contratación e da libre competencia
- Pregos de prescricións técnicas particulares asinado o 16 de decembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade.



Concello de Vigo

- Memoria xustificativa asinada o 16 de decembro de 2022 pola axente de igualdade de oportunidades, a xefa do Servizo de Igualdade e a concelleira delegada de Igualdade.
- Informe favorable do Servizo de Contratación sobre o a comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado o 27 de decembro 2022 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado o 27 de decembro de 2022 pola técnica de administración xeral e a xefa do Servizo de Contratación.

Nos termos establecidos no art. 29.4 da LCSP este contrato terá un prazo de duración de dous anos, coa posibilidade de realizar como máximo 1 prórroga, cunha duración dun ano.

Segundo se motiva na memoria económica, o importe do contrato (sen IVE) é de 65.842,96 €. O importe do valor total estimado do contrato, incluída a prórroga e a posible modificación do contrato prevista, é de 111.933,03 €.

O prezo do contrato (2 anos de duración) é de 79.669,98 € que inclúe un IVE de 13.827,02 €.

O prezo unitario é o seguinte:

PREZO UNITARIO CON IVE: 241,42 €/hora

PREZO UNITARIO SEN IVE: 199,52 € €/hora

O expediente ten a condición de gasto plurianual, pois o inicio do contrato está previsto para o exercicio do ano 2023 e a súa finalización está prevista para o exercicio do ano 2025.

As obrigas económicas derivadas do contrato serán atendidas a conta da aplicación orzamentaria "*Plan municipal de Igualdade*" 2311 2279906 do orzamento aprobado para o ano 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos dos exercicios 2024 e 2025.

Exercicio 2023: 32.712,89 €

Exercicio 2024: 39.834,99 €

Exercicio 2025: 7.122,10 €

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes
- Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
- Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. O obxecto regulado no presente contrato encádrase nas competencias que atribúe aos municipios no seu artigo 25.2.o), na redacción dada polo Real Decreto-lei 9/2018, de 3 de agosto: *actuacións na promoción da igualdade entre homes e mulleres así como contra a violencia de xénero*
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, especificamente nos artigos relacionados co procedemento aberto que rexerán esta contratación
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, no que non se opoña á Lei 9/2017
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei 9/2017

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- O inicio do expediente de contratación corresponde ao órgano de contratación (artigo 116.1 LCSP) que, nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional segunda, apartado 4 LCSP). Esta competencia foi delegada nos concelleiros/as delegados/as de Área por Resolucións de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 modificadas polas Resolucións de datas 13.08.2019, 17.08.2020, 16.04.2021, 08.08.2022, 06.09.2022 e 31.10.2022, sobre delegación de competencias e Acordo da Xunta de Goberno Local, texto consolidado, de data 12 de marzo de 2021, sobre delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nas concelleiras/os delegadas/os de área, modificado polo Acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de abril de 2021).

2.- O expediente refírese á totalidade obxecto do contrato e nel constan o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas que rexeran o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

3.- O procedemento elixido para a contratación é o aberto e a forma de tramitación do expediente, a ordinaria, conforme ao disposto no artigo 116 da LCSP, polo que non é necesaria a súa xustificación.

4.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 LCSP.



Concello de Vigo

5.- Na memoria económica xustifícase o valor estimado do contrato coa indicación de todos os conceptos que o integran (artigo. 116.4.d e 101 LCSP); a xustificación do prezo do contrato (artigo 102 LCSP); os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP) así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP); os criterios de solvencia económica e técnica (artigo 116.4.c LCSP); o principio de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira); a elección do procedemento aberto e a súa tramitación ordinaria (artigo 116.4.a LCSP).

6.- De conformidade coa disposición adicional terceira apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

7.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Constan no expediente os certificados de retención de crédito de data 23 de decembro de 2022. O informe da fiscalización previa incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

8.- A competencia para a resolución deste expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 4 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP).

Polo exposto, e previo informe favorable da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, que adopte o seguinte

ACORDO:

1.- Aprobar o expediente de contratación, a través do procedemento aberto e tramitación ordinaria con múltiples criterios de valoración, para a xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila”

2.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración Xeral e pola xefa do Servizo de Contratación o 27 de decembro de 2022.

3.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares asinado o 16 de decembro de 2022.

4.- Autorizar o gasto por importe total de 79.669,98 € que inclúe un IVE (21%) de 13.827,02 €, para a contratación da xestión do “Programa de información e atención especializada para a prevención de situacións de acoso e violencia sexual en zonas de ocio. Punto Lila”, que se imputará con cargo á aplicación orzamentaria “Plan municipal de

Igualdade” 2311 2279906 do orzamento aprobado para o exercicio 2023 da Concellería de Igualdade e dos orzamentos futuros dos exercicios 2024 e 2025 condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos, desglosado do seguinte xeito: 32.712,89 € imputaranse ao orzamento do exercicio 2023, 39.834,99 € imputarase ao orzamento futuro do exercicio 2024, e 7.122,10 € imputaranse ao orzamento futuro do exercicio 2025, condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos futuros orzamentos.

5.- Abrir o procedemento de licitación para a selección da contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(33).-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN NO EXPEDIENTE DISCIPLINARIO INCOADO AO EMPREGADO MUNICIPAL CO Nº DE PERSOAL 17408. EXPTE. 39302/220.

Omítese o contido deste acordo en cumprimento da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

8(34).-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS “PAVIMENTACIÓN DA RÚA DOUTOR CARRACIDO”. EXPTE. 5889/443.

Visto o informe de fiscalización do 17/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 17/01/2023, asinado polo técnico de Admón. Xeral, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e polo concelleiro-delegado de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Con data 26/05/2022 do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, autoriza o gasto para a redacción do proxecto de referencia, a favor da empresa GOC S.A., trala fase de supervisión do borrador presentado, proxecto de “**PAVIMENTACIÓN DAS RÚA DR CARRACIDO**”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASEIS EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (348.316,57 €) e firmado dixitalmente en Decembro do 2022.

II.- En data 29 de decembro de 2022 o Concelleiro delegado da Área de Fomento e Servizos resolve o inicio do expediente para proceder a aprobación do citado proxecto.



Concello de Vigo

III.- As actuacións teñen lugar a toda a lonxitude da rúa Rúa. Os traballos para a realización da obra enuméranse a continuación.

- Reparación das incidencias no firme detectadas, dividida en tramos segundo os ensaios previos realizados, así:

TRAMO I

- Fresado e demolición do pavimento bituminoso da calzada, eliminación de lastro de pedra.
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D, reparación de subbase de formigón dende os 16 cms, cos respectivos regos de adherencia.

TRAMO II.

- Fresado e demolición do pavimento bituminoso da calzada, eliminación de lastro de pedra.
- Reposición do firme da calzada mediante MBC AC16 SURF BC 50/70 D (5 cms), AC22 BIN BC 50/70 S(5 cms), reparación de subbase de formigón en masa tipo HM20 dende os 11 cms, cos respectivos regos de adherencia.
- Adecuación dos sistemas de drenaxe, rexistros, etc..
- Reporase a sinalización horizontal afectada polos traballos de reposición do firme de calzada e na rotonda existentes no tramo, tamén se reporán os elementos de balizamento.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (TRES) 3 meses.

V.- A Enxeñeira Técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal e o Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos emiten en data 30 de decembro de 2022 e 3 de xaneiro de 2023 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

"(...)

A actuación proposta a efectos urbanísticos abarca una zona de solo urbano consolidado. Non é preciso autorizacións sectoriais por afección a outros dominios ou medioambientais.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considéranse adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en

consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO



Concello de Vigo

Aprobar o proxecto de obras de **“PAVIMENTACIÓN DAS RÚA DR CARRACIDO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos, D. Iñaki Cubillo Bueno, cun orzamento base de licitación máis IVE de TRESCENTOS CORENTA E OITO MIL TRESCENTOS DEZASEIS EUROS CON CINCUENTA E SETE CÉNTIMOS (348.316,57 €) e firmado dixitalmente en Decembro do 2022.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(35).-TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU DURANTE O EXERCICIO 2023. EXPTE. 8384/104.

Visto o informe xurídico do 12/01/2023 e o informe de fiscalización do 19/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 11/01/2023, asinado pola técnica en actividades turísticas, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

Con data 2 de xaneiro de 2023 a Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB), solicita a través do Rexistro Xeral o primeiro pago da transferencia de financiamento para o ano 2023. Así mesmo, achega o Plan de actuación e orzamento 2023, certificación de non débedas coa Seguridade Social, coa Axencia Tributaria e con Facenda, así como a certificación da conta bancaria, completando a documentación necesaria para a tramitación da transferencia ordinaria á FVCB.

LEXISLACION APLICABLE

- a) Lei 7/85, do 2 de abril, das Bases de Réxime Local
- b) Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- c) Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS)
- d) RD 887/2016, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións (LXS)
- e) Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- f) Lei 47/2003, de 26 de novembro, Xeral Presupostaria
- g) RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais,
- h) Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)
- i) Bases de execución do presuposto Xeral da Corporación

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRO.- FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU (FVCB)

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB, centra as súas actuacións nas seguintes liñas de traballo tal e como consta no seu plan de traballo e orzamento vixentes:

- Presentación e representación de Vigo, como destino congresual.
- Coordinación coas entidades de turismo públicas e privadas para a captación de eventos congresuais.
- Desenvolver e comercializar produtos de merchandising dirixidos aos turistas de negocios e turismo en xeral.
- Desenvolvemento de iniciativas coa promoción do aeroporto de Vigo e da cidade como destino.
- Promoción en feiras nacionais e internacionais.
- Promoción da cidade como destino MICE.

A finalidade da fundación está ligada as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), e artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, e concretamente en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das



Concello de Vigo

competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2009.

A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencia

SEGUNDO.- DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

A FVCB solicita primeiro pagamento do da transferencia de financiamento do Concello de Vigo á Fundación Vigo Convention Bureau correspondente ao ano 2023.

No orzamento municipal consta consignación presupostaria por importe de 200.000€ en concepto de "Aportación ordinaria FVCB".

O artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración, cuxos orzamentos se integren nos Orzamentos Xerais da Administración á que pertencen, tanto se se destinan a financiar globalmente a súa actividade como á realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teña atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública e o artigo 38 do Regulamento da lei de subvencións de Galicia dispón que *<<. no tienen la consideración de subvenciones las aportaciones dinerarias nominativas a favor de los organismos y de las entidades vinculadas o dependientes de la Administración de la comunidad autónoma destinadas a financiar global o parcialmente su actividad con carácter indiferenciada>>*

A achega que realiza o Concello de Vigo á FVCB é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións,

Aos efectos de proceder o pagamentos das achegas a FVCB achega a solicitude do primeiro pago correspondente á anualidade 2023 (Nº de documento 230000451) xunto coa seguinte documentación.

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias.
- Certificación da Consellería de Facenda de estar ao corrente nos pagamentos á Administración Pública da Comunidade Autónoma.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter débedas coa Seguridade Social.
- Número de conta bancaria
- Plan de actuación e orzamento 2023.

Así mesmo consta no expediente certificado de non débedas co Concello.

Revisado o Plan de actuación que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2023 no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fin fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos. Dito Plan de actuación de acordo co disposto no artigo 15.2.d. dos Estatutos aprobouse na reunión do Padroado que tivo lugar o 22 de decembro de 2022.

O Decreto de delegación da Alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 e do acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019, e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude , entre outras, en materia de turismo MICE municipal, punto 2. XII apartado b.5, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado, considérase necesario establecer as seguintes normas e compromisos coa FVCB.

As bases de execución do presuposto do exercicio 2023 non establecen ningunha normativa á que deberá suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Turismo só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é solicitado pola FVCB, xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

TERCEIRO.- CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA

No orzamento consta consignación orzamentaria por importe de 200.000 euros en concepto de “Aportación ordinaria FVCB” na partida orzamentaria 4320.4890000 do ano en vigor.

Por todo o exposto e coas conformidades da Concelleira delegada da área de Turismo e tras informe xurídico e da Intervención, faise a seguinte proposta,

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-Transferir á FVCB, NIF:G-27.722.883 un importe de 200.000€ (dous centos mil), mediante transferencias bancarias nos termos que seguen:

- a) Primeiro pago de 100.000€ ingresado tralo acordo da Xunta de Goberno Local.
- b) Segundo pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de xuño do 2023
- c) Terceiro pago de 50.000€, ingresado na segunda quincena de outubro do 2023.

2.- A transferencia do financiamento realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.4890000 “Aportación Ordinaria á Fundación Vigo Convention Bureau” do programa orzamentario da Concellería de Turismo para o vixente exercicio económico, á conta 2080 5000 68 3040324245

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puideran contratar.



Concello de Vigo

SEGUNDO.- Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa FVCB, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos coa FVCB:

PRIMEIRA.- REPRESENTACIÓN

Os Estatutos da FVCB aprobados en febreiro de 2010 recollen no seu art.14; "O Padroado é máximo órgano de goberno, representación e administración da FVCB", entre as súas funcións destaca segundo o art.15, "Aprobar a recepción de subvencións, doazóns e achegas realizadas por entidades públicas ou privadas".

De acordo co art. 18, O Padroado contará con un Presidente e un Vicepresidente. A presidencia da Fundación será exercida polo Alcalde do Concello de Vigo. A vicepresidencia da Fundación será exercida polo concelleiro delegado de Turismo.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FVCB

1.- Desenvolver o Plan de actuación presentado en data 2 de xaneiro de 2023, asumindo a totalidade dos gastos que xere. A Concellería de Turismo do Concello de Vigo, non asumirá outros gastos diferentes á presente transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio orzamentario.

2.- Responsabilizarse da totalidade das actividades organizadas.

3.- Incorporar en lugar preferente o logotipo do Concello de Vigo e de Turismo de Vigo e mencionar en toda actuación pública o financiamento recibido do Concello de Vigo.

4.- Colaborar coa Concellería de Turismo do Concello de Vigo, en cantas actuacións turísticas realice.

5.- Comunicar á Concellería de Turismo do Concello de Vigo, coa antelación debida os cambios que se puideran producir na programación e funcionamento da FVCB.

TERCERA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO

1.- Realizar o seguimento das actividades da FVCB.

2.- Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento, de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

CUARTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN

A unidade municipal xestora da colaboración coa FVCB é a Concellería de Turismo, que ten coma encomenda a comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento previstos para 2023.

QUINTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A FVCB adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento por parte da Concellería de Turismo do Concello de Vigo do seu funcionamento xeral, incorporando esta publicidade, de forma particular, no propio centro, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, e na visualización do logo do Concello de Vigo co da FVCB que empregárase en todos as publicacións, medios e soportes.

As publicacións da FVCB en calquera medio deben de ser previamente conformada pola Concelleira Delega da Área de Turismo do Concello de Vigo e posicionarse en liña coa marca municipal.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas ao Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concelleira delegada da área de Turismo a prelación e características para cada caso.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberán estar previamente acordada coa Concelleira Delegada da Área de Turismo.

SEXTA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMIENTO DA FVCB

A FVCB achegará á Concellería delegada da área de Turismo do Concello de Vigo, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo de control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

-DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FVCB.

a) Informes de actividades realizadas, con datos e detalles sobre os participantes e sobre o funcionamento da FVCB.

-Primeiro informe xustificativo correspondente ao primeiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello Vigo, na primeira quincena de xuño.

-Segundo informe xustificativo correspondente ao segundo pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena de outubro.

-Terceiro informe xustificativo correspondente ao terceiro pago, se lle dará entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, na primeira quincena do mes de decembro.

b) Relación de ingresos e gastos clasificada por cada unha das actividades e funcionamento da FVCB, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, na primeira quincena de decembro.

c) Copia das convocatorias e actas do Padroado e do Comité executivo achegada con suficiente antelación.

d) Memoria de avaliación de actividades e funcionamento durante o exercicio.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das transferencia de financiamento.

A FVCB deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do Servizo de Turismo a tramitación e obtención doutras subvencións e axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- Publicar o presente acordo no perfil de transparencia.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Expediente de contratación de servizos de apertura, control, manexo de equipamento e peche de instalacións deportivas dependentes da Concellería de Deportes. Expte. 5280/611.

.- Bases do 58º Concurso Exposición Internacional da Camelia. Expte. 50299/446.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

10(36).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DE SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES. EXPTE. 5280/611.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 23/01/2023 e o informe de fiscalización do 24/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 20/01/2023, asinado polo adxunto á

Xefatura do Servizo de Deportes, o xefe do Servizo, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeneral da Lei de contratos das administracións públicas (RLCAP) no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (LALGA).

Antecedentes:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), coa resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 22 de setembro de 2022.
- Este contrato está incluído no Plan anual de contratación do Concello de Vigo para o exercicio 2023, aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión do 30 de decembro de 2023.
- O anuncio de información previa (artigo 28.4 da LCSP) de data 27 de decembro de 2022.
- Memoria económica de data 14 de novembro de 2022, relativa aos seguintes extremos correxida con data 20 de xaneiro de 2023:
 - ✓ Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - ✓ Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - ✓ Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Certificado de retención de crédito de data 20 de xaneiro de 2023 (operación nº 202300006359).
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP) de data 14 de decembro de 2022.
- Declaración de neutralidade do redactor do proxecto de data 14 de novembro de 2022.
- Memoria xustificativa de datas 23 e 25 de decembro de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - ✓ Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - ✓ Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).



Concello de Vigo

- ✓ A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP) resulta innecesaria por tratarse dun procedemento aberto.
- ✓ Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
- ✓ Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
- ✓ Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP); así como a xustificación das fórmulas de valoración (artigo 146.2LCSP).
- ✓ Información esixida polo artigo 130 LCSP.
- ✓ Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
- ✓ Xustificación das tarefas críticas que non poidan ser obxecto de subcontratación (artigo 215 LCSP).
- ✓ Lugar de entrega das prestacións obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- ✓ Xustificación das condicións especiais de execución (artigos 116.4.c) e 202 LCSP).
- ✓ Informe do servizo de contratación de que o expediente reúne toda a documentación esixida pola lexislación vixente en materia de contratación pública asinado en data 27 de decembro do 2022.
- ✓ Prego de Cláusulas administrativas particulares asinado polo servizo de contratación de data 20 de xaneiro de 2023.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- O expediente de contratación, de acordo co disposto no artigo 116.1 da LCSP, iniciárase polo Órgano de Contratación motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no artigo 28 desta lei. No concello de Vigo esta competencia esta delegada por acordo da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019 nos concelleiros de Area. O concelleiro- delegado de Deportes mediante resolución de 22 de setembro de 2022 autorizou o inicio da tramitación deste expediente de contratación.

Segundo.- Dado o obxecto o tipo de contrato é de servizo (art. 17 LCSP).O procedemento elixido para a contratación é o procedemento aberto (art. 156 LCSP) non necesita máis xustificación.

Terceiro.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato, artigo 116 apartado 2, e no mesmo consta, tal e como prevé o artigo 116 apartados 3 da LCSP o prego de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas.

Cuarto.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato de conformidade cos artigos 28 e 116.1 da LCSP.

Quinto.- Na memoria xustifícase a non división en lotes (artigo116.4.g) LCSP), o prezo e a súa xustificación (artigo 100 e seguintes LCSP), o prazo de duración e de execución (art. 29 LCSP), o valor estimado do contrato (artigo 116.4.d) LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e146 LCSP), as condicións especiais de execución (art. 202.1 LCSP), o

principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 d Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril).

A tramitación do expediente realízase por procedemento ordinario art. 116. LCSP.

Sexto.- De conformidade coa disposición adicional terceira, apartado 8 da LCSP e a disposición adicional oitava, apartado e) da Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL), se require o informe preceptivo da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Sétimo.- O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe de fiscalización previa, incorporárase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo á aprobación polo órgano de contratación.

Oitavo.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda apartado 11 da LCSP. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Noveno.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle a Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª .4 LCSP)

A vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, propónse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria SERVIZOS DE APERTURA, CONTROL, INFORMACIÓN, MANEXO DE EQUIPAMENTO E PECHE DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DEPENDENTES DA CONCELLERÍA DE DEPORTES, 5280-611.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 14 de decembro do 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación de data 20 de xaneiro do 2023.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe máximo de licitación de **3.132.471,54** euros euros con ive, sendo o IVE a soportar pola administración de 543.652,09 euros. Importe licitación sen ive 2.588.819,45 € euros.

DISTRIBUCIÓN EN ANUALIDADES

DISTRIBUCION ORZAMENTARI A	PERIODO	IMPORTE	APLICACION ORZ.
ANO 2023	12/04/2023 a 31/12/2023	748.312,65 €	3420. 2279918
ANO 2024	01/01/2024 a 31/12/2024	1.044.157,18 €	3420. 2279918



Concello de Vigo

ANO 2025	01/01/2025 a 31/08/2025	1.044.157,18 €	3420. 2279918
ANO 2026	01/01/2026 a 11/04/2026	295.844,53 €	3420. 2279918

O contrato financiarase con cargo a seguinte aplicación orzamentaria 3420. 2279918 Apertura e peche instalacións extrarradio, e bolsa de vinculación, do programa 3420/22 das seguintes aplicacións orzamentarias.

34202211000	productos limpeza	1.500
34202219900	outro material	3.000
34202219901	protección covid	8.000
34202230000	transporte	1.000
34202260100	atencións protocolarias	1.000
34202260200	publicidade e propaganda	2.000
34202260300	publicacións diarios oficiais	2.000
34202269900	outros gastos diversos	1.500
34202270000	limpeza	10.000
34202270001	limpeza extraordi. Covid	12.000

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(37).- BASES DO 58º CONCURSO EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA. EXPTE. 50299/446.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico de data 24/01/2023, dáse conta do informe-proposta de data 23/01/2023, asinado pola adxunta á xefatura do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

O Servizo de Montes, Parques e Xardíns está a organizar o 58º Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que lle corresponde organizar á nosa cidade, e que terá lugar os días 4 e 5 de marzo de 2023, no Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

Este concurso vense organizando rotativamente polas cidades de Vilagarcía, Pontevedra e Vigo e ten como finalidade resaltar a camelia e a cultura botánica que se desenvolve ao redor deste arbusto característico das Rías Baixas e norte de Portugal.

As bases, que foron elaboradas pola empresa, Geourban Ingeniería Ambiental y Urbanismo, S.L., en virtude do contrato menor de servizos para o *Proxecto de xestión, organización e dirección do 58º Concurso Exposición Internacional da Camelia (expte. 50220/446)*, adxudicado polo concelleiro delegado da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Distritos e Festas Especiais, en data 27 de decembro de 2022, precisan da correspondente aprobación por parte da Xunta de Goberno Local.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar as bases, que se achegan no expediente, correspondentes ao 58º Concurso-Exposición Internacional da Camelia, que se celebrará os días **4 e 5 de marzo de 2023** nas instalacións do **Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo**.

Segundo.- Publicar as bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, computando o prazo para a presentación das inscricións ao concurso exposición dende o día seguinte á publicación ata as 13:30 horas do 24 de febreiro de 2023.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES DO 58º CONCURSO INTERNACIONAL DA CAMELIA VIGO- MARZO 2023

ÍNDICE

1.- OBXETO E REQUISITOS.....	2
2.- CATEGORIAS E PREMIOS.....	2
2.1.- PREMIOS ESPECIAIS.....	2
2.1.1.- PREMIO ESPECIAL "CONCELLO DE VIGO".....	2
2.1.2.- PREMIO ESPECIAL " CAMELIA CIDADE DE VIGO".....	2
2.1.3.- PREMIO ESPECIAL Á "MELLOR PRESENTACIÓN ARTÍSTICA".....	3
2.1.4.- PREMIO ESPECIAL "ANTONIO ODRIOZOLA".....	3
2.2.- CATEGORIAS E PREMIOS NO CONCURSO EXPOSICIÓN.....	3
2.2.1.- CAMELIA DE OURO.....	3
2.2.2.- CAMELIA XAPONICA BRANCA.....	3



Concello de Vigo

2.2.3.- CAMELIA XAPONICA ROSADA OU DOUTRAS CORES.....	4
2.2.4.- CAMELIA XAPONICA VERMELLA.....	4
2.2.5.- CAMELIA XAPONICA XASPEADA OU VARIEGADA.....	4
2.2.6.- CAMELIA RETICULATA.....	5
2.2.7.- HÍBRIDOS DE CAMELIA.....	5
2.2.8.- OUTRAS ESPECIES DE CAMELIA.....	5
3.- NORMAS XERAIS DO CONCURSO.....	6
4.- PLANNING DE TRABALLO.....	8
5.- COMITÉ DE HONRA.....	8
5.1.- PRESIDENTA.....	8
5.2.- MEMBROS DO COMITÉ.....	8
6.- PROGRAMA.....	9

1.- OBXETO E REQUISITOS.

1.- O Concello de Vigo organiza o LVIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA, que terá lugar os días 4 e 5 de marzo de 2023 nas instalacións do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

2.- Poderán concorrer todas as persoas maiores de idade, interesadas na camelia, profesionais ou afeccionados, nacionais ou estranxeiros, persoas físicas ou xurídicas, sempre que realicen a súa inscrición segundo o previsto nas presentes bases.

3.- Poderán presentarse flores pertencentes a calquera especie e variedade de camelia, así como calquera híbrido destas.

4.- Establécense os seguintes premios:

2.- CATEGORIAS E PREMIOS.

2.1.- PREMIOS ESPECIAIS.

2.1.1.- PREMIO ESPECIAL "CONCELLO DE VIGO".

PREMIO ESPECIAL "CONCELLO DE VIGO" á mellor presentación artística con tema referente ao Concello de Vigo, onde se empregue un conxunto de flores e/ou plantas de camelia das tres variedades de Vigo ("Cidade de Vigo", "Ría de Vigo" e "Olívica") acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos emblemáticos e que fagan referencia o Concello de Vigo, que a xuízo do xurado, se distinguan pola calidade e representación dos exemplares mostrados, do tema e da súa colocación artística.

2.1.2.- PREMIO ESPECIAL " CAMELIA CIDADE DE VIGO".

PREMIO ESPECIAL " CAMELIA CIDADE DE VIGO" para o/a concursante que presente o mellor conxunto de *Camellia japonica* "Cidade de Vigo".

O lote estará constituído por doce (12) flores da variedade "Cidade de Vigo", valorarase a calidade das flores e a disposición ornamental do conxunto, para o que o concursante disporá de 0,25 m² (50 cm x 50 cm) de espazo. Na colocación das flores poderanse utilizar elementos auxiliares de decoración ou soporte co fin de conseguir a disposición e o efecto ornamental desexado.

2.1.3.- PREMIO ESPECIAL Á "MELLOR PRESENTACIÓN ARTÍSTICA".

PREMIO Á MELLOR PRESENTACIÓN ARTÍSTICA, valorarase como tal o conxunto de flores e/ou plantas de camelia acompañados ou non doutros obxectos e elementos decorativos que, a xuízo do xurado , se distinguan pola súa colocación artística .

Os conxuntos que opten ó premio da mellor presentación artística participarán unicamente nesta categoría. A organización proveaos dunha tarxeta para que se distinguan claramente , co rótulo de "presentación artística".

2.1.4.- PREMIO ESPECIAL "ANTONIO ODRIUZOLA".

PREMIO ESPECIAL ANTONIO ODRIUZOLA : outorgarase á flor individual do xénero *Camellia* máis destacada de todas as que opten a este premio e que se expoñerán nunha mesa separada.

Cada concursante poderá presentar un máximo de cinco (5) variedades , representada cada unha delas por unha única flor. Será requisito imprescindible que estean perfectamente identificadas co nome da especie á que pertencen e o da variedade.

2.2.- CATEGORIAS E PREMIOS NO CONCURSO EXPOSICIÓN.

2.2.1.- CAMELIA DE OURO.

O PREMIO CAMELIA DE OURO: para o/a concursante que presente o conxunto de variedades máis destacado en canto a número e calidade das flores.

Os lotes deberán estar perfectamente identificados co nome da especie á que pertencen e o da variedade.

A quen se lle outorgue este premio non poderá optar a ningún dos demais premios previstos nestas bases. O/A gañador/a deste premio será invitado/a a formar parte do xurado do concurso do ano seguinte, no que as súas flores terán un lugar destacado e non poderá participar como concursante.

2.2.2.- CAMELIA XAPONICA BRANCA.

PREMIOS CAMELIA XAPONICA BRANCA, Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de *Camellia japonica* de calquera variedade de cor branca.



Concello de Vigo

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres (3) flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

2.2.3.- CAMELIA XAPONICA ROSADA OU DOUTRAS CORES.

PREMIOS CAMELIA XAPONICA ROSADA OU DOUTRAS CORES. Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de *Camellia japonica* de calquera variedade de cores rosadas ou outras cores excepto branca e vermello.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres (3) flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

2.2.4.- CAMELIA XAPONICA VERMELLA.

PREMIOS CAMELIA XAPONICA VERMELLA. Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de *Camellia japonica* de calquera variedade de cor vermello.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres (3) flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

2.2.5.- CAMELIA XAPONICA XASPEADA OU VARIEGADA.

PREMIOS CAMELIA XAPONICA XASPEADA OU VARIEGADA. Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de *Camellia japonica* de calquera variedade de cores xaspeadas ou variegadas .

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres (3) flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

2.2.6.- CAMELIA RETICULATA.

PREMIOS CAMELIA RETICULATA. Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de *Camellia reticulata* de calquera cor ou variegación.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da variedade á que pertencen e estarán formados por un mínimo de tres (3) flores e un máximo de nove. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

2.2.7.- HÍBRIDOS DE CAMELIA.

PREMIOS HÍBRIDOS DE CAMELIA. Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de híbridos de *Camellia* de calquera especie.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da especie á que pertencen sen limitación de número de flores. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

2.2.8.- OUTRAS ESPECIES DE CAMELIA.

PREMIOS OUTRAS ESPECIES DE CAMELIA Establécense un primeiro e segundo premio ós mellores lotes de *Camellia* de calquera especie, excepto *c. japonica* e *c. reticulata*.

Os lotes deberán ser o máis homoxéneos posible e representativos da especie á que pertencen sen limitación de número de flores. Cada flor presentarase co seu talo, que levará polo menos unha folla. Non se poderán colocar follas de plantas diferentes nin elementos decorativos, excepto que sexan os propios soportes das flores expostas.

3.- NORMAS XERAIS DO CONCURSO.

1.- Co obxecto de que os premios sexan distribuídos entre un maior número de concursantes, un/unha mesmo/a concursante non poderá obter máis de dous (2) premios.

2.- En caso de empate entre varios lotes o xurado manifestarase a favor daquel que teña as flores máis homoxéneas.

3.- Para facilitar o labor do xurado a organización daralle a cada expositor no momento da súa presentación unha tarxeta co número de inscrición e outra por cada modalidade de premio na que participa. Tamén levará unha etiqueta co seu nome, que deberá colocar unha vez concluído o traballo do xurado e despois de ler a acta de premiados.

Co obxecto de facilitar que aqueles/as cultivadores/as que non desexen participar no concurso poidan de calquera modo amasar as súas flores, a organización habilitará una mesa especial para eles. Neste caso serán válidas todas as observacións indicadas nas presentes bases, excepto as relativas ó concurso propiamente dito e ós seus premios.

4.- As inscricións no concurso presentarase no Rexistro Xeral do Concello de Vigo, ben presencialmente en horario de atención ao cidadán de luns a venres de 9.00 h á 13.30h, ou ben a través da Sede Electrónica, dende o día seguinte da publicación do anuncio das presentes bases no boletín oficial da provincia de Pontevedra (BOPPO) ata as 13:30 horas do día 24 de febreiro de 2023, nun impreso que se facilitará para este fin.

Ademais, poderanse presentar tamén a través de calquera outro Rexistro Xeral oficial habilitado para a entrada de documentación administrativa. Non obstante, as entidades mercantís deberán presentar a súa solicitude unicamente a través da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

Nesta inscrición deberá especificarse a modalidade ou modalidades na que se concursa e a superficie que se precisará para a súa exposición. A superficie concedida a cada concursante quedará condicionada á orde de inscrición e, en todo caso, ás dimensións da sala de exposición.



Concello de Vigo

5.- A asignación do lugar no que cada concursante e expositor deberá colocar os seus lotes establecerá a comisión organizadora. O plano coa indicación do lugar asignado a cada concursante expoñeráse na semana previa á celebración do evento na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

6.- Os/as concursantes presentarán os seus lotes de flores na sala de exposicións entre as 8 e as 13 horas do sábado 4 de marzo e poderán retiralos de 21 a 22 horas do domingo 5 de marzo. Independentemente da vixilancia que haberá no recinto os participantes deberán coidar dos seus obxectos de valor de calquera natureza que utilicen para a exposición das flores, xa que o organizador non se fará cargo das perdas que se poidan producir.

7.- A exposición inaugurarase o sábado 4 de marzo ás 18:00 horas coa lectura do ditame do xurado do concurso e a entrega de premios terá lugar o domingo 5 de marzo ás 12:00 horas, excepto cambios decididos pola organización.

8.- O xurado estará composto polos seguintes membros:

Presidente/a: O Concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Distritos, Comercio e Festas Especiais, ou persoa na que delegue .

Secretario/a: Un/unha técnico/a da Área de Montes, Parques e Xardíns.

Vogais:

- Un/unha representante do Concello de Vigo.
- Un/unha representante do Concello de Vilagarcía de Arousa.
- Un/unha representante da Deputación de Pontevedra.
- Un/unha representante designado pala Asociación Española da Camelia .
- O/A gañador/a da Camelia de Ouro da edición anterior.
- Dúas persoas de recoñecido prestixio vencelladas á camelia e que serán designadas polo Concello de Vigo.

10.- O xurado poderá declarar deserto/s algún/s dos premios establecidos nas bases e poderá conceder mencións especiais por outros conceptos distintos ós sinalados . En caso de empate, decidirá o voto de calidade do/a presidente/a do xurado .

11.- Tódolos participantes recibirán un diploma acreditativo da súa participación e unha planta de Camelia.

12.- Polo simple feito de solicitaren a inscrición, os participantes declaran coñecer e aceptan integramente as bases do concurso e sométense ás decisións da organización e do xurado .

13.- O/a presidente/a do xurado queda facultado/a para interpretar as bases e resolver calquera incidencia que ó longo do proceso de convocatoria e resolución do concurso se puidese producir.

4.- PLANNING DE TRABALLO.

Sábado, 4 de marzo:

08:00 a 13:00 Colocación da exposición de Camelias por parte dos participantes.

13:00 a 17:50 Visita e deliberación do xurado do Concurso-Exposición Internacional da Camelia.

18:00 Inauguración por parte das autoridades.

21:00 Peche da exposición

Domingo, 5 de marzo

11:00 Visita aberta á exposición.

12:00 Entrega de Premios do LVIII Concurso Exposición-Internacional da Camelia.

21:00 a 22:00 Retirada de elementos da exposición.

6.- PROGRAMA.

LUGAR :

Auditorio Pazo de Congresos Mar de Vigo

DATA:

4 e 5 de marzo

Sábado, 4 de marzo:

Horario de apertura o público: 18:00 - 21:00

08:00: Colocación da exposición de Camelias por parte dos participantes . Vestíbulo .

13:00: Visita e deliberación do xurado do Concurso-Exposición Internacional da Camelia.
Vestíbulo.

18:00: Inauguración por parte das autoridades. Vestíbulo.

Domingo, 5 de marzo

Horario de apertura o público: 10:00 - 21:00

11:00 Visita aberta á exposición. Vestíbulo.

12:00 Entrega de Premios do LVIII Concurso Exposición-Internacional da Camelia.



LVIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NO LVIII CONCURSO-EXPOSICIÓN INTERNACIONAL DA CAMELIA

NOME		NIF	
APELIDOS			
ENDEREZO		NÚM:	PLANTA LETRA E
CP	LOCALIDADE	PROVINCIA	PAIS
TELF. 1	TELF. 1	EMAIL	

SOLICITO a miña inscrición no **LVIII Concurso-Exposición Internacional da Camelia**, que se celebrará os días 4 e 5 de marzo de 2023 na cidade de Vigo e declaro coñecer e aceptar integramente as bases do concurso.

A inscrición solicítoa para a/as seguinte/s modalidade/s:

PREMIOS ESPECIAIS		CATEGORÍAS DE CONCURSO	
	Premio Especial "CONCELLO DE VIGO"		CAMELIA DE OURO
	Premio Especial "CAMELIA CIDADE DE VIGO"		CAMELIA XAPONICA BRANCA.
	Premio Especial á "MELLOR PRESENTACIÓN ARTÍSTICA".		CAMELIA XAPONICA ROSADA OU DOUTRAS CORES.
	Premio Especial "ANTONIO ODRIOZOLA".		CAMELIA XAPONICA VERMELLA
			CAMELIA XAPONICA XASPEADA OU VARIEGADA
			CAMELIA RETICULATA.
			HÍBRIDOS DE CAMELIA.
			OUTRAS ESPECIES DE CAMELIA
			PRESENTACIÓN FÓRA DE CONCURSO.

Marcar cunha x a superficie (en m2) total solicitada:

1 m ²	2 m ²	4 m ²	8 m ²	10 m ²

_____, ____ de _____ de 2023

Asdo: _____

12(38).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez